XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP de Vilaverde-Mourente

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034  Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es

# PROGRAMACIÓN
# 2º CICLO EDUCACIÓN INFANTIL

# LINGUA INGLESA

# CURSO 2021 - 2022

## PROFESORA: Mª JESÚS FONTÁN ARGIBAY

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



# INDICE

**Páxina**

**Obxectivos** ………………………………………….. **3**

**Contidos** …………………………………………. **3**

**Estruturas comunicativas** …………………. **4**

**Procedementos** ……………………………………… **5**

**Criterios de avaliación** …………………………… **5**

**Mínimos esixibles** ………………………………….. **6**

**CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA NA MODALIDADE DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL NO SUPOSTO DE POÑER EN MARCHA O PLAN DE CONTINXENCIA, ANEXO AO PLAN DE ADAPTACIÓN Á CRISE PROVOCADA POLA COVID.................. 6**

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


## OBXECTIVOS

Saudar: hello, good morning e despedirse:bye bye, goodbye.

Presentarse a un mesmo: My name is….e os compañeiros e as compañeiras:

Usar fórmulas de cortesía: Please, thank you.

Achegar ós nenos e ás nenas a lingua inglesa e ás tradicións propias da súa cultura.

Animar ao alumnado a participar cantando cancións, chants, rhymes para practicar o vocabulario.

Establecer unas rutinas que favorezan a aprendizaxe.

Participar en Proxectos conxuntamente co resto do profesorado desta etapa educativa.

## CONTIDOS

### Vocabulario

1. Saúdos
2. Numbers
3. Colours
4. Family
5. Feelings
6. Body
7. Food
8. Toys
9. Animals

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



**Estructuras comunicativas**

1. Hello,Good morning, bye bye. See you tomorrow.
2. Please, thank you
3. Stand up, sit down.
4. I´m sad, happy, angry.
5. It´s sunny,raining, cold…

What´s this?,Who´s this?,What colour is it?, What number is it?,What can you see?

Listen to the song,chant, story..

Let´s sing the song, let´s play…

**PROCEDEMENTOS**

*Saudar (falar e cantar as cancións de saúdo)

*Traballar o vocabulario con actividades.

*Debuxar, colorear, traballar con plastilina…

*Escoitar contos, historias curtas…

*Facer actividades de movemento.

*Cantar cancións, chants.

*Ver un conto ou unha historia curta.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON REFERENCIA ÁS COMPETENCIAS**

*****Segue as instrucións da clase.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


*Intenta comunicarse coa profesora e cos compañeiros e compañeiras.

*Escoita e intenta participar nas cancións,rimas,chants (letra, acción,ámbalas dúas).

*Participa nos xogos.

*Completa as fichas.

*Completa os traballos manuais con coidado.

*Responde verbalmente e/ou non verbalmente ás instrucións.

*Recoñece o vocabulario e tenta nomealo en inglés.

*Amosa interese por aprender.

*Esfórzase.

*Participa nas actividades da aula.

*Respecta as rutinas e as normas da clase.

*Coopera cos compañeiros e as compañeiras .

*Escoita e respecta as normas das quendas de palabra.

**MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

*****Amosa unha actitude positiva cara a aprendizaxe da lingua estranxeira.

*Amosa interese por participar en interaccións orais,en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.

* Acata as normas e respecta á mestra e aos compañeiros e ás compañeiras.

**CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA NA MODALIDADE DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL NO SUPOSTO DE POÑER EN**

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



**MARCHA O PLAN DE CONTINXENCIA, ANEXO AO PLAN DE ADAPTACIÓN Á CRISE PROVOCADA POLA COVID.**

- O profesorado traballará co alumnado a través da aula virtual e os blog de nivel e especialidades. O traballo proporase con metodoloxía integradora ou globalizadora. As familias comunicarán ao profesorado as dispoñibilidades/dificultades de conexión ou falla de equipamento para, na medida do posible, tentar atopar solucións conxuntas e minimizar os efectos negativos para o alumnado.

- As tarefas proporaas o profesorado a través da aula virtual ou dos blog educativos, o alumnado utilizará eses medios para a devolución e entrega das mesmas. Co alumnado con falta de recursos dixitais tentarase buscar fórmulas alternativas de acceso ás actividades e a achega das mesmas ás titoras, poderanse tentar axudas a través do móbil e/ou Cruz Vermella, Casa Azul,...

- As actividades na aula virtual e blogs de nivel colocaranse coordinadamente entre o profesorado de nivel tendo presente unha adecuada temporalización. Serán actividades o máis globalizadas posible tanto en aula xeral como nos ámbitos. Deseñaranse propostas integradas multinivel entre áreas/materias/ámbitos a partir dunha temática de interese (actualidade, relacionadas cos proxectos, conmemoracións,...), a globalización será a idea prioritaria e promoveráse o traballo

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


colaborativo entre o profesorado das distintas áreas/ámbitos e materias. Tentarase que as propostas aparezan dosificadas por días/semanas.

- Combinaranse actividades virtuais e non virtuais: traballos prácticos de experimentación, resolución de problemas, busca de información, xogos, textualizacións, esquemas e resumos, lectura, contestación de preguntas, cuestionario, resolución de operacións, elaboración de vídeo/presentación/fotos/..., exercicios de completar, manexo de..., visionado de vídeos, escoita de información/contos, formulación de preguntas, debuxo, composición... Usaranse actividades con formatos variados: pdf, vídeos, textos de word, imaxe, …

- O noso alumnado non é autónomo na súa aprendizaxe e precisa de acompañamento, contacto, estratexias didácticas concretas, autocontrol da concentración, interacción cara a cara, ... As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias. Por este motivo non consideramos a opción de realizar videoconferencias con docencia co alumnado, si a posibilidade de usar este medio para a comunicación, aclaracións, comentarios e o mantemento de contactos.

- Para o alumando con nee o profesorado adaptará as propostas coa orientación de DO, PT e AL, esas propostas tentarán a inclusión

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



nas tarefas da aula e faranse chegar individualmente naqueles casos que se requira, non se establecerán fórmulas non inclusivas.

- O contacto co alumnado será periódico tanto para coñecer a súa evolución académica como de saúde. Eses contactos poderán facerse telefonicamente, por correo electrónico ou por videoconferencia. Realizaranse propostas que reforcen os vínculos co alumnado e as familias.

- Os horarios de conexión por videoconferencia respectarán os horarios de titoría e especialidades. Serán elaborados/coordinados pola xefatura de estudos e calquera modificación necesaria deberá comunicarse oportunamente. Teráse en conta a inclusión, polo que non haberá videoconferencias separadas con alumnado con nee (os horarios de apoio e intervención en aula do profesorado de PT e Al coordinarase con xefatura de estudos e DO). Por razóns educativas e de efectividade, terán unha duración limitada. Na duración das videoconferencias terase en conta as características do alumnado e os seus períodos de atención polo que non poderán ter unha duración superior a 90 minutos total (esta máxima duración co alumnado de 5º e 6º), poderán establecerse por grupos pequenos de clase. Estas conexións deberán facerse entre as 9 e as 14 e non se simultanearán con titorías coas familias inda que estean presentes nas videoconferencias. As videoconferencias co alumnado pequeno

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034  Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


usaranse basicamente para manter o contacto, facer algunha indicación puntual, conversar sobre as tarefas, facer unha pequena presentación dun traballo, … Debe terse en conta que nunca nelas se pode facer o mesmo que nunha clase presencial.

- A avaliación será continua e global, terá en conta as actividades e traballos realizados polo alumnado ademais dos resultados. Os instrumentos de avaliación permitirán determinar o nivel competencial do alumnado en cada área ou materia.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP de Vilaverde-Mourente

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034  Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es

galicia

# PROGRAMACIÓN LINGUA INGLESA

## 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

## CURSO 2021-22

PROFESORA:Mª JESÚS FONTÁN ARGIBAY

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034  Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


**ÍNDICE:** **Páx.**

**1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.** **2**

**2.- CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE.** **2**

**3.-OBXECTIVOS DO CURSO.** **5**

**4.-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.** **5**

**5.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.** **15**

**6.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.** **16**

**7.- AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.** **17**

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



**8.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE 17**

**9.- SEGUIMENTO,RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES. 17**

**10.- AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR TRAS OS RESULTADOS. 17**

**11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. 18**

**12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS 18**

**13.-. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 20**

**14.-REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN. 21**

## 1.-INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación está dirixida a 50 nenas e nenos de 1º curso de Educación Primaria. Este alumnado procede de Educación Infantil, maioritariamente do mesmo centro e están repartidos en dúas aulas.

Estas nenas e estes nenos cambian de etapa pero tamén de espazos e de xeito de traballar polo que tentárase que este cambio se faga de maneira gradual. Desprazaranse á aula de inglés nas dúas sesións da materia, e seguiranse as normas do protocolo Covid da Consellería.
Por mor da situación excepcional da pandemia da Covid-19, esta programación ten en conta todos os posibles escenarios: presencial, semipresencial e non presencial.

## 2.- DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| **Competencia Clave:** | | **Aprender a aprender** |
|---|---|---|
| Nivel | Área | Estándares |
| 1º | PLE | 1º-PLEB1.3 - Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB3.4 - Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente |
| 1º | PLE | 1º-PLEB4.4 - Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. |
| | | **Competencia Clave: Aprender a aprender** |
| **Nivel** | **Área** | **Estándares Prioritarios** |
| 1º | PLE | 1º-PLEB1.3 - Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. |

| **Competencia Clave:** | | **Comunicación Lingüística** |
|---|---|---|
| Nivel | Área | Estándares |
| 1º | PLE | 1º-PLEB1.1 - Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares13 acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB1.3 - Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB1.4 - Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis). |
| 1º | PLE | 1º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | |
|---|---|---|
| | | favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos). |
| 1º | PLE | 1º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta |
| 1º | PLE | 1º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB3.4 - Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente |
| 1º | PLE | 1º-PLEB4.1 - Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB4.2 - Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB4.3 - Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB4.4 - Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.2 - Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.3 - Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.4 - Diferencia saúdos de despedidas e usa fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me) |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.5 - Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos). |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.6 - Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad) |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP de Vilaverde-Mourente

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es

| | | |
|---|---|---|
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.7 - Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can´t) o acordo (That's right). |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.8 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos |

| | | |
|---|---|---|
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.9 - Diferenza preguntas e respostas moi simples. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.10 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.11 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.12 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente. |

| **Competencia Clave:** | | **Comunicación Lingüística** |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Área** | **Estándares Prioritarios** |
| 1º | PLE | 1º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB1.3 - Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB4.1 - Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.3 - Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.4 - Diferenza saúdos de despedidas e usa fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me) |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.6 - Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad) |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | |
|---|---|---|
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.9 - Diferenza preguntas e respostas moi simples. |
| | | 1º-PLEB5.10 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula. |

| **Competencia Clave:** | | **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** |
|---|---|---|
| Nivel | Área | Estándares |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.3 - Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala. |

| **Competencia Clave:** | | **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Área** | **Estándares Prioritarios** |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.3 - Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala. |

| **Competencia Clave:** | | **Sociais e cívicas** |
|---|---|---|
| Nivel | Área | Estándares |
| 1º | PLE | 1º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta |
| 1º | PLE | 1º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.11 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.12 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.2 - Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social. |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| **Competencia Clave:** | **Sociais e cívicas** | |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Área** | **Estándares Prioritarios** |
| 1º | PLE | 1º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. |
| 1º | PLE | 1º-PLEB5.2 - Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social. |

## 3.-OBXECTIVOS

-Escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas.

-Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais empregando procedementos verbais e non verbais.

-Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento.

-Coñecer aspectos doutras culturas, particularmente na anglosaxona, e amosar unha actitude de respecto.

-Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.

-Identificar estruturas lingüísticas e aspectos do vocabulario da lingua inglesa(ritmo, acentuación e entonación).

## 4.-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | 2021-22 | | |
| **NIVEL** | 1º PRIMARIA | **ÁREA** | Primeira Lingua Estranxeira (PLE) |

| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área**<br><br>Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN**<br><br>**Instrumentos de avaliación /**<br><br>**Procedementos de avaliación (%)*** | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Comprensión de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B1.1 | 1º-PLEB1.1 - Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.<br><br>Peso: 3.57% | Comprende o esencial dunha rima ou canción con axuda de apoios visuais. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | CCL |
| PLE-B1.2 | 1º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con | Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.(2.7%)<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | CCL |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | claridade.<br><br>Peso: 3.57% | | | | | | |
| PLE-B1.3 | 1º-PLEB1.3 - Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.<br><br>Peso: 3.57% | Comprende preguntas moi básicas sobre sí mesmo (nome, idade). | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL CAA |
| PLE-B1.4 | 1º-PLEB1.4 - Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis).<br><br>Peso: 3.57% | Sigue instruccións e comprende peticións de uso frecuente na aula. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.(5%)<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |
| **Bloque 2: Producións de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B2.1 | 1º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.<br><br>Peso: 3.57% | Fai presentacións moi breves e sinxelas indicando nome, idade, cor favorita e os seus gustos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.(5%)<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | CCL |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B2.2 | 1º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).<br><br>Peso: 3.57% | Pregunta e responde sobre nome e idade. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL |
| PLE-B2.2 | 1º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta<br><br>Peso: 3.57% | Amosa unha actitude de escoita atenta. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.(5%)<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL CSC |
| PLE-B2.3 | 1º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.<br><br>Peso: 3.57% | Reproduce cancións ou rimas moi breves e sinxelas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL, CSC |
| **Bloque 3: Comprensión de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B3.1 | 1º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.<br><br>Peso: 3.57% | Comprende palabras sinxelas de uso frecuente. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | CCL |
| PLE-B3.2 | 1º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as | Comprende o esencial dunha historia sinxela. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP de Vilaverde-Mourente

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es

galicia

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | personaxes principais.<br><br>Peso: 3.57% | | | | | | |
| PLE-B3.3 | 1º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran.<br><br>Peso: 3.57% | Fai hipóteses sobre o tema dun texto moi breve e sinxelo a partir do título e das imaxes. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | CCL CAA |
| PLE-B3.4 | 1º-PLEB3.4 - Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente<br><br>Peso: 3.57% | Le en voz alta palabras sinxelas traballadas previamente. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL , CAA |
| **Bloque 4: Produción de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B4.1 | 1º-PLEB4.1 - Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.<br><br>Peso: 3.57% | Escribe palabras relacionadas coa súa vida cotiá. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.(5%)<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL |
| PLE-B4.2 | 1º-PLEB4.2 - Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis | Completa diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | sinxela.<br>Peso: 3.57% | | | | | | |
| PLE-B4.3 | 1º-PLEB4.3 - Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.<br>Peso: 3.57% | Completa frases moi sinxelas con léxico coñecido e traballado previamente. | | | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CCL |
| PLE-B4.3 | 1º-PLEB4.4 - Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.<br>Peso: 3.57% | Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL CAA |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural** | | | | | | | |
| PLE-B5.1 | 1º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao | Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara o diferente. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CSC |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | diferente.<br><br>Peso: 3.57% | | | | | | |
| PLE-B5.2 | 1º-PLEB5.2 - Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.<br><br>Peso: 3.57% | Recoñece as fórmulas básicas de relación social. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.(5%)<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | CSC CCL |
| PLE-B5.3 | 1º-PLEB5.3 - Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.<br><br>Peso: 3.57% | Participa de xeito activo na aula e amosa respeto e curiosidade pola lingua e cultura saxonas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.(5%)<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL CSIEE |
| PLE-B5.4 | 1º-PLEB5.4 - Diferencia saúdos de despedidas e usa fórmulas de crotesía (Please, thank you, excuse me)<br><br>Peso: 3.57% | Diferenza saúdos e despedidas. | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.(5%)<br><br>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos. | CCL CSC |
| PLE-B5.5 | 1º-PLEB5.5 - Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).<br><br>Peso: 3.57% | Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos (nome, idade, gustos). | X | | | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL |
| PLE-B5.6 | 1º-PLEB5.6 - Expresa e identifica | Expresa e identifica estados de ánimo | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos | CCL |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | estados de ánimo básicos (happy, sad)<br><br>Peso: 3.57% | básicos. | | | | alumnos/as. Probas específicas.(5%)<br><br>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos. Proba obxectiva. | |
| PLE-B5.7 | 1º-PLEB5.7 - Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can´t) o acordo (That's right).<br><br>Peso: 3.57% | Expresa e identifica o permiso e a prohibición (can / can´t) | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CCL |
| PLE-B5.8 | 1º-PLEB5.8 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos<br><br>Peso: 3.57% | Estrutura axeitadamente oracións moi sinxelas e breves. | | | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CCL |
| PLE-B5.9 | 1º-PLEB5.9 - Diferenza preguntas e respostas moi simples.<br><br>Peso: 3.57% | Diferenza preguntas e respostas moi simples traballadas habitualmente na aula. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B5.10 | 1º-PLEB5.10 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.<br><br>Peso: 3.57% | Memoriza rutinas lingüísticas básicas de uso habitual na aula | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.(5%)<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B5.11 | 1º-PLEB5.11 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.<br><br>Peso: 3.57% | Participa activamente en xogos dentro da aula. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL CSC |
| PLE-B5.12 | 1º-PLEB5.12 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.<br><br>Peso: 3.57% | Comprende e usa adecuadamente vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL CSC |

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

## 5.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación:

**-** O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus propios coñecementos previos.

- As situacións comunicativas que inclúen o humor, as cancións e o xogo captan

a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe;

-Os nenos e as nenas aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes.

- A aprendizaxe dos nenos e as nenas é maior e de máis calidade se se basea na actividade.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


- O erro forma parte do proceso de aprendizaxe.

- A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento xeral do alumnado desta etapa educativa.

- A formulación comunicativa facilita a aprendizaxe dunha lingua.

- O alumnado destas idades precisan cambiar de actividade con moita frecuencia.

Fomentarase un uso contextualizado da lingua, no marco de situación comunicativas propias destas idades, e que permitan a realización real e motivadora da lingua. Tamén se promoverán actividades que atendan á diversidade, que potencien o traballo en equipo, a autonomía e a responsabilidade e que permitan a libre expresión e o respecto e a tolerancia.

No caso de alumnado con nee ,desenvolveranse medidas que permitan ao alumnado desenvolver ao máximo as súas capacidades e as competencias da etapa asegurando medidas de inclusión .

## 6.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non terán tampouco neste curso libros de texto, e os materiais para explicar e/ou practicar os contidos serán proporcionados pola profesora que imparte a materia ben elaborados por ela mesma, ou ben por recompilación de distintos recursos a través de diferentes editoriais , páxinas web….Intercalaranse os contidos previstos no currículo de 1º de Primaria en lingua estranxeira coas distintas conmemoracións típicas da cultura e tradición saxona ( Halloween, Thanksgiving Day, Christmas, Easter…) que coincidan dentro do curso escolar. Farase unha coordinación para participar dende a materia de inglés nos proxectos de centro ou de nivel que se decidan durante o curso.

Hai unha aula de inglés na planta baixa onde se imparte a materia de lingua inglesa para 1º, 2º e 3º cursos de Primaria.Está dotada de PDI , de canón e de ordenador e por iso ,ademais de flashcards, fotos, pósters e na medida do posible obxectos reais,empregaránse recursos multimedia para presentar vocabulario novo, reforzalo, revísalo ou para practicar cancións, chants …xa que cos nenos e nenas desta idade é importante traballar na aula con variado material visual e auditivo para espertar a súa curiosidade e manter a súa motivación.

Dado a excepcionalidade da situación actual, estes son os recursos previstos para os 3 posibles escenarios: **Presencial, semipresencial** e **non presencial.**

De xeito **presencial,** usaranse materiais audiovisuais en tódalas sesións, tanto para a visualización de vídeos, apoio das explicacións e reforzo e práctica dos distintos

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


contidos. Farán práctica escrita nunha libreta específica para a materia que terán permanentemente na aula.

**Non presencial-** cando se produza algún caso de confinamento por parte do alumnado ,tanto preventivo como por recuperación de enfermidade, empregárase ,a aula virtual pero ,mentres non estea en funcionamento a aula virtual, usarase o mesmo sistema levado a cabo durante o estado de alarma: publicaranse os contidos do xeito máis lúdico posible no blog de inglés e/ou no blog do respectivo nivel, e tamén as actividades on line a facer por parte do alumnado. Aparecerán tamén alí as distintas tarefas para imprimir e facer a man. A corrección levarase a cabo a través do correo electrónico: as familias mandarán por este medio as tarefas e a mestra comunicaralles da mesma maneira as correccións ou indicacións pertinentes.

**Semipresencial** é unha mestura das dúas modalidades anteriores que se implantará cando parte do alumnado está acudindo regularmente á aula e a outra parte teña que permanecer nas súas casas.

## 7.- AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Véxase concreción curricular.

## 8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Véxase concreción curricular.

## 9.- SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Véxase concreción curricular .

Non hai alumnado coa materia de inglés pendente.

## 10.- AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034  Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



Nas primeiras semanas do curso escolar, realizarase unha avaliación inicial do alumnado para determinar o seu coñecemento da lingua estranxeira tanto de xeito oral como escrito.

Farase a través da observación directa dentro da aula con xogos e actividades lúdicas, representacións orais e tamén  mediante probas escritas, fichas, con actividades escritas  de repaso, algunhas delas dirixidas e outras non, para coñecer o nivel real dos nenos e  nenas.

Os resultados serán o punto de partida dos contidos e coñecementos do presente curso e indicarán se é preciso reforzar, recordar ou mesmo volver sobre vocabulario e estruturas non adquiridas do curso anterior. Terase en conta o progreso do alumnado a partir da situación inicial.

## 11.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aplicarase o Plan de atención á diversidade do centro que  ten como obxectivo adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades do alumnado: de diversa procedencia, idade, sexo, relixión, etnia, medio social, estilos familiares, clase, cultura, capacidade, estilos e ritmo de aprendizaxe,... alumnado con neae -alumnado procedente do estranxeiro (Marrocos, Países Hispanoamericanos, Portugal, Brasil,...), alumnado con necesidades educativas especiais (altas capacidades, espectro autista, DEA, dificultades na expresión oral, retraso na linguaxe ou trastornos na linguaxe, THDA, trastorno de conduta, discapacidade cognitiva, motórica ou sensorial,...)-, alumnado pertencente a familias con composición diversa,**... alumnado diverso en aulas con rateo elevada.**

Neste nivel hai un grupo de nenas e nenos que precisan unha atención máis individualizada, entre este grupo hai un neno TEA.

## 12.- TEMAS TRANSVERSAIS

Ademais dos temas e vocabulario incluídos no currículo de lingua inglesa tocaranse outras conmemoracións xerais: Día dos Dereitos Humanos, Día Internacional da Muller, Día Universal da Infancia…ou outras relativas ao medio ambiente ( Día Mundial do Medio ambiente, Día da Auga..) ou  valores (Día da Paz).

Na práctica docente diaria así como en tódalas actividades levadas a cabo dentro da aula, promoveranse actitudes tolerantes, de resolución de conflitos, respecto á diversidade das diferenzas,  igualdade entre os sexos….

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP de Vilaverde-Mourente

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034  Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es

Tamén traballaremos temas ou tradicións da nosa cultura como o Entroido, o Magosto…e outras actividades recollidas na Programación Xeral Anual e dese xeito aproveitaremos para introducir vocabulario relativo a estas festividades.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP de Vilaverde-Mourente

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es

galicia

| **PROGRAMACIÓN DE CENTROS DE INTERESE XERAIS A TRABALLAR NO CEIP** | | | **TEMÁTICA INTEGRADA VERTICAL** |
|---|---|---|---|
| SETEMBRO | *Desenvolvemento de Plan de acollida, Plan do período de adaptación* | *Do 9 ao 21 de setembro* | 1º trimestre |
| OUTUBRO | *Magosto/Samaín*<br><br>*Semana co galego* | | |
| NOVEMBRO | *Contra a violencia de xénero.*<br><br>*Día da palabra.*<br><br>*Salón do Libro- iniciar traballo* | | |
| DECEMBRO | *Constitución, Estatuto de autonomía. Dereitos humanos, Dereitos das nenas e dos nenos, Nadal* | | |
| **VACACIÓNS** | **22 de decembro de 2021 ata o día 7 de xaneiro de 2022** | | |
| XANEIRO | *A Paz* | | 2º trimestre |
| FEBREIRO | *Entroido*<br><br>*Día de Rosalía* | | |
| **Vacacións ENTROIDO**<br><br>**28 de febrero, 1 e 2 de marzo de 2022** | | | |
| MARZO | *Día da muller traballadora/Día internacional da muller*<br><br>*Día mundial da poesía.*<br><br>*Dereitos da persoa consumidora*<br><br>*Salón do Libro- retomar traballo* | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **VACACIÓNS: 11 ao 18 de abril 2022** | | | |
| ABRIL | *Semana da Prensa (un día sen libros e con prensa)*<br><br>*Día mundial da saúde,*<br>***Semana do libro*** | | 3º trimestre |
| MAIO | *Día de Europa*<br><br>*Día contra o acoso escolar*<br><br>*Certame de Poesía. Semana das Letras Galegas:* | | |
| XUÑO | *Día Mundial do medio ambiente* | | |
| **22 DE XUÑO:  FINAL DE CLASES** | | | |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


## 13- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

Tendo en conta a situación do Covid19 , e namentres non o permitan as condicións sanitarias non se farán actividades complementarias e extraescolares, e de realizarse respectarán as medidas reflectidas no Plan de adaptación á crise Covid.

No hipotético caso de que a situación se normalizase durante o curso escolar, tentaríase complementar o currículo da materia con algunha actividade lúdica levada a cabo en lingua inglesa como unha obra de teatro, que permitiría que o alumnado escoitase a lingua estranxeira nun contexto diferente ao escolar.

Faríase durante o horario escolar ,dentro ou fóra do centro, para posibilitar que todo o alumnado puidese asistir sen ter problemas de desprazamento.

## 14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Esta programación está feita no inicio do curso e deseñada, a priori, como unha declaración de intencións susceptible de ser revisada e modificada nalgún punto ao longo dos meses segundo evolucione o alumnado ou dependendo doutras circunstancias que poidan ir xurdindo.

A avaliación partirá dos coñecementos previos do alumnado e será continua e global. Terase en conta o progreso do alumnado a partir da avaliación inicial. Ao longo de cada trimestre, faranse varias probas obxectivas, escritas e orais que facilitarán ver o progreso real de cada alumna e alumno dende o inicio de curso.
Analizando os resultados académicos acadados polo alumnado, verase se é preciso volver ou non sobre os contidos, revisar a adecuación da metodoloxía nun determinado grupo ou nivel ou deseñar estratexias para incentivar a motivación do alumnado cara a lingua inglesa e a participación activa nas actividades diarias da aula.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034  Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


A avaliación é continua  de xeito que o aprobado dunha avaliación implicará a superación da anterior no caso de que estivese suspensa.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



# PROGRAMACIÓN LINGUA INGLESA

## 2º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA

## CURSO 2021-22

## PROFESORA:Mª JESÚS FONTÁN ARGIBAY

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


# ÍNDICE

| ÍNDICE | PÁX. |
|---|---|
| 1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. | 3 |
| 2.- DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. | 3 |
| 3.-OBXECTIVOS DO CURSO. | 7 |
| 4.-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. | 7 |
| 5.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS. | 18 |
| 6.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. | 18 |
| 7.- AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. | 19 |
| 8.- SEGUIMENTO,RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES. | 20 |
| 9.- AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR TRAS OS RESULTADOS. | 20 |
| 10.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. | 20 |
| 11.-ELEMENTOS TRANSVERSAIS. | 20 |
| 12.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. | 21 |
| 13.-AVALIACIÓN DO PROCESO De ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. | 23 |
| 14.-REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN. | 24 |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



## 1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación está pensada para os 50 alumnas e alumnos de 2º nivel de Educación primaria divididos en dúas aulas situadas na planta baixa.

Por mor da situación excepcional da pandemia da Covid-19, esta programación ten en conta todos os posibles escenarios: presencial, semipresencial e non presencial,

## 2.-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

| PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES | | |
|---|---|---|
| **Competencia Clave:** | | **Aprender a aprender** |
| Nivel | Área | Estándares |
| 2º | PLE | 2º-PLEB1.3 - Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB3.4 - Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB4.3 - Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB4.4 - Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.13 - Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...). |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| Competencia Clave: | | Aprender a aprender |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Área** | **Estándares Prioritarios** |
| 2º | PLE | 2º-PLEB1.3 - Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. |

| Competencia Clave: | | Comunicación Lingüística |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Área** | **Estándares** |
| 2º | PLE | 2º-PLEB1.1 - Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB1.3 - Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB1.4 - Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down). |
| 2º | PLE | 2º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos). |
| 2º | PLE | 2º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | |
|---|---|---|
| | | relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB3.4 - Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB4.1 - Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB4.2 - Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB4.3 - Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB4.4 - Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). |
| 2º | PLE | 2º-PLEB4.5 - Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.2 - Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.3 - Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e do e das demais |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.4 - Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, escuse me...) |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.5 - Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.6 - Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas. |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | |
|---|---|---|
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.7 - Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.8 - Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.9 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.11 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.12 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.13 - Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...). |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.14 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.15 - Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.16 - Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. |

| **Competencia Clave:** | | **Comunicación Lingüística** |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Área** | **Estándares Prioritarios** |
| 2º | PLE | 2º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB1.3 - Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB1.4 - Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down). |
| 2º | PLE | 2º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | |
|---|---|---|
| | | relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB4.1 - Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.2 - Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.3 - Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e do e das demais |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.8 - Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.11 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.13 - Expresa estados de ánimo elementais (happy / sad, bored...). |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.15 - Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. |

| **Competencia Clave:** | | **Sociais e cívicas** |
|---|---|---|
| Nivel | Área | Estándares |
| 2º | PLE | 2º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta |
| 2º | PLE | 2º-PLEB2.5 - Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | |
|---|---|---|
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.12 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.14 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.2 - Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.4 - Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, excuse me...) |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.9 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos. |

| **Competencia Clave:** | | **Sociais e cívicas** |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Área** | **Estándares Prioritarios** |
| 2º | PLE | 2º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta |
| 2º | PLE | 2º-PLEB2.5 -Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.2 - Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social |
| 2º | PLE | 2º-PLEB5.4 - Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, excuse me...) |

## 3.- OBXECTIVOS

-Escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas.

-Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais empregando procedementos verbais e non verbais.

-Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral como medio de comunicación e entendemento.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



-Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua inglesa e amosar unha actitude de respecto.

-Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.

-Identificar estruturas lingüísticas e aspectos do vocabulario da lingua inglesa(ritmo, acentuación e entoación).

## 4.-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

| TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | 2021-22 | | |
| **NIVEL** | 2º PRIMARIA | **ÁREA** | Primeira Lingua Estranxeira (PLE) |

| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área**<br><br>Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN**<br><br>**Instrumentos de avaliación /**<br><br>**Procedementos de avaliación (%)*** | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Comprensión de textos orais** | | | | | | | |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B1.1 | 2º-PLEB1.1 - Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.<br><br>Peso: 2.94% | Comprende o esencial dunha rima conto ,ou canción moi breves e sinxelos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | CCL |
| PLE-B1.2 | 2º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.<br><br>Peso: 2.94% | Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL |
| PLE-B1.3 | 2º-PLEB1.3 - Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.<br><br>Peso: 2.94% | Comprende preguntas básicas ( nome, idade e gustos) sobre si mesmo. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL CAA |
| PLE-B1.4 | 2º-PLEB1.4 - Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the | Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | book, sit down).<br><br>Peso: 2.94% | | | | | | |
| **Bloque 2: Producións de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B2.1 | 2º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.<br><br>Peso: 2.94% | Fai presentacións moi breves e elementais sobre si mesmo( nome, idade, familia). | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL |
| PLE-B2.2 | 2º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).<br><br>Peso: 2.94% | Pregunta e responde para dar e obter información en conversas moi elementais. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL |
| PLE-B2.3 | 2º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta<br><br>Peso: 2.94% | Amosa unha actitude de escoita atenta. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B2.3 | 2º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.<br><br>Peso: 2.94% | Reproduce textos orais sinxelos e breves. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CLC |
| PLE-B2.3 | 2º-PLEB2.5 - Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.<br><br>Peso: 2.94% | Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC |
| **Bloque 3: Comprensión de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B3.1 | 2º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.<br><br>Peso: 2.94% | Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CCL |
| PLE-B3.2 | 2º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.<br><br>Peso: 2.94% | Comprende a idea principal dunha historia moi sinxela. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.(1.4%)<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B3.3 | 2º-PLEB3.3 - Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran.<br><br>Peso: 2.94% | Fai hipóteses sobre o tema dun texto moi elemental partindo do título e das imaxes que o ilustran. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.(1.4%)<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL CAA |
| PLE-B3.4 | 2º-PLEB3.4 - Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.<br><br>Peso: 2.94% | Le en voz alta palabras de uso habitual previamente traballadas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL CAA |
| **Bloque 4: Produción de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B4.1 | 2º-PLEB4.1 - Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.<br><br>Peso: 2.94% | Escribe palabras relacionadas coa súa vida cotiá. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL |
| PLE-B4.2 | 2º-PLEB4.2 - Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.<br><br>Peso: 2.94% | Completa pequenos diálogos moi sinxelos e breves seguindo un modelo dado. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.(1.4%)<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B4.3 | 2º-PLEB4.3 - Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.<br>Peso: 2.94% | Completa frases moi sinxelas con léxico coñecido e previamente traballado. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.(1.4%)<br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL CAA |
| PLE-B4.3 | 2º-PLEB4.4 - Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).<br>Peso: 2.94% | Completa unha táboa coos datos persoais máis básicos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.(2.2%)<br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL CAA |
| PLE-B4.3 | 2º-PLEB4.5 - Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.<br>Peso: 2.94% | Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.(1.4%)<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural** | | | | | | | |
| PLE-B5.1 | 2º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a | Amosa respecto e curiosidade comparando a cultura propia coa propia de países | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.(2.2%) | CCL CAA CSC |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | lingua estranxeira (horarios, comidas, festas) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.<br><br>Peso: 2.94% | onde se fala a lingua estranxeira. | | | | INSTRUMENTOS: Diario de clase. | |
| PLE-B5.2 | 2º-PLEB5.2 - Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social<br><br>Peso: 2.94% | Recoñece fórmulas básicas de relación social. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL CSC |
| PLE-B5.3 | 2º-PLEB5.3 - Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e do e das demais<br><br>Peso: 2.94% | Recoñece as preguntas e respostasmáis básicas sobre si mesm@. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |
| PLE-B5.4 | 2º-PLEB5.4 - Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, escuse me...)<br><br>Peso: 2.94% | Diferenza saúdos e despedidas e as fórmulas de cortesía máis habituais. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL CSC |
| PLE-B5.5 | 2º-PLEB5.5 - Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado. | Identifica e asocia palabras e frases moi simples. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Peso: 2.94% | | | | | | |
| PLE-B5.6 | 2º-PLEB5.6 - Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.<br>Peso: 2.94% | Emprega adecuadamenteos saúdos e despedidas e as fórmulas de cortesía. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.(2.2%)<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL |
| PLE-B5.7 | 2º-PLEB5.7 - Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.<br>Peso: 2.94% | Expresa e identifica a posesión en 1ª persoa. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.(2.2%)<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Producións orais. | CCL |
| PLE-B5.8 | 2º-PLEB5.8 - Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.<br>Peso: 2.94% | Identifica e expresa o que lle gusta e o que non. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.(2.2%)<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Producións orais. | CCL |
| PLE-B5.9 | 2º-PLEB5.9 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.<br>Peso: 2.94% | Estrutura correctamente os elementos básicos das oracións. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.(1.4%)<br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL CSC |
| PLE-B5.10 | 2º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e | Diferenza preguntas e respostasmoi | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.(2.2%) | CCL CSC |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | respostas moi sinxelas<br><br>Peso: 2.94% | sinxelas. | | | | INSTRUMENTOS: Asamblea. | |
| PLE-B5.11 | 2º-PLEB5.11 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.<br><br>Peso: 2.94% | Memoriza rutinas lingüísticas básicas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL |
| PLE-B5.12 | 2º-PLEB5.12 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc.<br><br>Peso: 2.94% | Participa de xeito activo nas actividades na aula. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCL CSC |
| PLE-B5.13 | 2º-PLEB5.13 - Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).<br><br>Peso: 2.94% | Expresa os estados de ánimo máis frecuentes. | X | | | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CCL CAA |
| PLE-B5.14 | 2º-PLEB5.14 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir | Comprende e usa o vocabulario básico de uso habitual na aula. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de Campo. | CCL CSC |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | con léxico traballado previamente de forma oral<br><br>Peso: 2.94% | | | | | | |
| PLE-B5.15 | 2º-PLEB5.15 - Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.<br><br>Peso: 2.94% | Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións da aula. | X | X | X | PROCEDEMENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCL |
| PLE-B5.15 | 2º-PLEB5.16 - Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.<br><br>Peso: 2.94% | Compara aspectos moi básicos das linguas do seu entorno e a lingua inglesa | | | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.(2.2%)<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL |

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

## 5.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

A aprendizaxe será significativa, partirá dos coñecementos previos do alumnado e con situacións comunicativas reais e funcionais incluíndo xogos , actividade física sempre que sexa posible e cancións, que captan a motivación do alumnado e facilitan a incorporación de novos coñecementos.Terase en conta os distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado e concienciaráselles de que o erro forma parte do proceso de aprender. Fomentarase un uso contextualizado da lingua, no marco de situacións comunicativas propias destas idades, para que resulten máis motivadoras. Tamén se promoverán actividades que atendan á diversidade, que

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


potencien o traballo en equipo, a autonomía e a responsabilidade e que permitan a libre expresión e o respecto e a tolerancia.

No caso de alumnado con nee, desenvolveranse medidas que permitan ao alumnado desenvolver ao máximo as súas capacidades e as competencias da etapa asegurando medidas de inclusión .

## 6.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non terán tampouco neste curso libros de texto, e os materiais para explicar e/ou practicar os contidos serán proporcionados pola profesora que imparte a materia ben elaborados por ela mesma, ou ben por recompilación de distintos recursos a través de diferentes editoriais , páxinas web….Intercalaranse os contidos previstos no currículo de 1º de Primaria en lingua estranxeira coas distintas conmemoracións típicas da cultura e tradición saxona ( Halloween, Thanksgiving Day, Christmas, Easter…) que coincidan dentro do curso escolar. Farase unha coordinación para participar dende a materia de inglés nos proxectos de centro ou de nivel que se decidan durante o curso.

Hai unha aula de inglés na planta baixa onde normalmente se imparte a materia de lingua inglesa para 1º, 2º e 3º cursos de Primaria , pero por mor da pandemia o alumnado non se desprazará a ela e quedarán na súa aula de referencia. Como todas as aulas están dotadas de PDI , de canón e de ordenador ,empregaranse , ademais de flashcards, fotos, pósters e na medida do posible obxectos reais, recursos multimedia para presentar vocabulario novo, reforzalo, revísalo ou para practicar cancións, chants …xa que cos nenos e nenas desta idade é importante traballar na aula con variado material visual e auditivo para espertar a súa curiosidade e manter a súa motivación.

Dado a excepcionalidade da situación actual, estes son os recursos previstos para os 3 posibles escenarios: **Presencial, semipresencial** e **non presencial.**

De xeito **presencial,** usaranse materiais audiovisuais en tódalas sesións, tanto para a visualización de vídeos, apoio das explicacións e reforzo e práctica dos distintos contidos. Farán práctica escrita nun caderno específico para a materia que terán permanentemente na aula.

**Non presencial-** cando se produza algún caso de confinamento por parte do alumnado ,tanto preventivo como por recuperación de enfermidade, empregárase ,a aula virtual pero ,mentres non estea en funcionamento a aula virtual, usarase o mesmo sistema levado a cabo durante o estado de alarma :publicaranse os contidos do xeito máis lúdico posible no blog de inglés e/ou no blog do respectivo nivel, e tamén as actividades on line a facer por parte do alumnado. Aparecerán tamén alí

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


as distintas tarefas para imprimir e facer a man. A corrección levarase a cabo a través do correo electrónico: as familias mandarán por este medio as tarefas e a mestra comunicaralles da mesma maneira as correccións ou indicacións pertinentes.

**Semipresencial** é unha mestura das dúas modalidades anteriores que se implantará cando parte do alumnado está acudindo regularmente á aula e a outra parte teña que permanecer nas súas casas.

## 7.-AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Véxase concreción curricular.

## 8- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Véxase concreción curricular.

## 9.- SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Véxase concreción curricular .

Hai un alumno coa materia de inglés pendente.

## 10.- AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Nas primeiras semanas do curso escolar, realizarase unha avaliación inicial do alumnado para determinar o seu coñecemento da lingua estranxeira tanto de xeito oral como escrito.

Farase a través da observación directa dentro da aula con xogos e actividades lúdicas, representacións orais e tamén mediante probas escritas, fichas, con actividades escritas de repaso, algunhas delas dirixidas e outras non, para coñecer o nivel real dos nenos e nenas.

Os resultados serán o punto de partida dos contidos e coñecementos do presente curso e indicarán se é preciso reforzar, recordar ou mesmo volver sobre vocabulario e estruturas non adquiridas do curso anterior. Terase en conta o progreso do alumnado a partir da situación inicial.

## 11.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aplicarase o Plan de atención á diversidade do centro que ten como obxectivo adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades do

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



alumnado: de diversa procedencia, idade, sexo, relixión, etnia, medio social, estilos familiares, clase, cultura, capacidade, estilos e ritmo de aprendizaxe,... alumnado con neae -alumnado procedente do estranxeiro (Marrocos, Países Hispanoamericanos, Portugal, Brasil,...), alumnado con necesidades educativas especiais (altas capacidades, espectro autista, DEA, dificultades na expresión oral, retraso na linguaxe ou trastornos na linguaxe, THDA, trastorno de conduta, discapacidade cognitiva, motórica ou sensorial,...)-, alumnado pertencente a familias con composición diversa,**... alumnado diverso en aulas con rateo elevada.**

Neste segundo nivel, hai varias nenas e varios nenos que precisan atención máis individualizada, entre eles un neno TDAH, un neno TEA e un neno con déficit de atención.

## 12.- TEMAS TRANSVERSAIS

Ademais dos temas e vocabulario incluídos no currículo de lingua inglesa tocaranse outras conmemoracións xerais: Día dos Dereitos Humanos, Día Internacional da Muller, Día Universal da Infancia…ou outras relativas ao medio ambiente ( Día Mundial do Medio ambiente, Día da Auga..) ou valores (Día da Paz).

Na práctica docente diaria así como en tódalas actividades levadas a cabo dentro da aula, promoveranse actitudes tolerantes, de resolución de conflitos, respecto á diversidade das diferenzas, igualdade entre os sexos….

Tamén traballaremos temas ou tradicións da nosa cultura como o Entroido, o Magosto…e outras actividades recollidas na Programación Xeral Anual e dese xeito aproveitaremos para introducir vocabulario relativo a estas festividades.

| **PROGRAMACIÓN DE CENTROS DE INTERESE XERAIS A TRABALLAR NO CEIP** | | | **TEMÁTICA INTEGRADA VERTICAL** |
|---|---|---|---|
| SETEMBRO | *Desenvolvemento de Plan de acollida, Plan do período de adaptación* | *Do 9 ao 21 de setembro* | 1º trimestre |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | |
|---|---|---|---|
| OUTUBRO | *Magosto/Samaín*<br><br>*Semana co galego* | | |
| NOVEMBRO | *Contra a violencia de xénero.*<br><br>*Día da palabra.*<br><br>*Salón do Libro- iniciar traballo* | | |
| DECEMBRO | *Constitución, Estatuto de autonomía. Dereitos humanos, Dereitos das nenas e dos nenos, Nadal* | | |
| **VACACIÓNS** | **22 de decembro de 2021 ata o día 7 de xaneiro de 2022** | | |
| XANEIRO | *A Paz* | | 2º trimestre |
| FEBREIRO | *Entroido*<br><br>*Día de Rosalía* | | |
| **Vacacións ENTROIDO**<br><br>**28 de febrero, 1 e 2 de marzo de 2022** | | | |
| MARZO | *Día da muller traballadora/Día internacional da muller*<br><br>*Día mundial da poesía.*<br><br>*Dereitos da persoa consumidora*<br><br>*Salón do Libro- retomar traballo* | | |
| **VACACIÓNS: 11 ao 18 de abril 2022** | | | |
| ABRIL | *Semana da Prensa (un día sen libros e con prensa)*<br><br>*Día mundial da saúde,*<br>***Semana do libro*** | | 3º trimestre |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | | |
|---|---|---|---|
| MAIO | *Día de Europa*<br>*Día contra o acoso escolar*<br>*Certame de Poesía. Semana das Letras Galegas:* | | |
| XUÑO | *Día Mundial do medio ambiente* | | |
| **22 DE XUÑO: FINAL DE CLASES** | | | |

## 13- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

Tendo en conta a situación do Covid19 , e namentres non o permitan as condicións sanitarias non se farán actividades complementarias e extraescolares, de realizarse terán en conta as medidas reflectidas no Plan de adaptación á crise da covid do centro.

No hipotético caso de que a situación se normalizase durante o curso escolar, tentaríase complementar o currículo da materia con algunha actividade lúdica levada a cabo en lingua inglesa como unha obra de teatro, que permitiría que o alumnado escoitase a lingua estranxeira nun contexto diferente ao escolar.

Faríase durante o horario escolar ,dentro ou fora do centro, para posibilitar que todo o alumnado puidese asistir sen ter problemas de desprazamento.

## 14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Esta programación está feita no inicio do curso e deseñada, a priori, como unha declaración de intencións susceptible de ser revisada e modificada nalgún punto ao longo dos meses segundo evolucione o alumnado ou dependendo doutras circunstancias que poidan ir xurdindo. A avaliación partirá dos coñecementos

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


previos do alumnado e será continua e global. Terase en conta o progreso do alumnado a partir da avaliación inicial. Ao longo de cada trimestre, faranse varias probas obxectivas, escritas e orais que facilitarán ver o progreso real de cada alumna e alumno dende o inicio de curso.Analizando os resultados académicos acadados polo alumnado, verase se é preciso volver ou non sobre os contidos, revisar a adecuación da metodoloxía nun determinado grupo ou nivel ou deseñar estratexias para incentivar a motivación do alumnado cara a lingua inglesa e a participación activa nas actividades diarias da aula.

A avaliación é continua de xeito que o aprobado dunha avaliación implicará a superación da anterior no caso de que estivese suspensa.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034  Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



# PROGRAMACIÓN LINGUA INGLESA

# 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

# CURSO 2021- 2022

## PROFESORA:Mª JESÚS FONTÁN ARGIBAY.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



## ÍNDICE PÁX.


| ÍNDICE | PÁX. |
|---|---|
| 1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. | 3 |
| 2.- DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. | 3 |
| 3.-OBXECTIVOS DO CURSO. | 7 |
| 4.-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. | 9 |
| 5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS | 24 |
| 6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS | 24 |
| 7.- AVALIACIÓN,CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO | 25 |
| 8.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE | 26 |
| 9.- SEGUIMENTO ,RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES | 26 |
| 10.- AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR TRAS OS RESULTADOS | 26 |
| 11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. | 27 |
| 12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS | 27 |
| 13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 29 |
| 14.-REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN. | 30 |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


## 1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación está dirixida a 49 nenas e nenos de 3º curso de Educación Primaria, divididos en dúas aulas no primeiro andar.

Por mor da situación excepcional da pandemia da Covid, esta programación ten en conta todos os posibles escenarios: presencial, semipresencial e non presencial.

## 2.-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

| **Competencia Clave:** | | **Aprender a aprender** |
|---|---|---|
| Nivel | Área | Estándares |
| 3º | PLE | 3º-PLEB1.4 - Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.3 - Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.4 - Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.10 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.6 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. |
| | | **Competencia Clave: Aprender a aprender** |
| **Nivel** | **Área** | **Estándares Prioritarios** |
| 3º | PLE | 3º-PLEB1.4 - Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | |
|---|---|---|
| **3º** | PLE | 3º-PLEB3.3 - Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.10 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. |

| **Competencia Clave:** | | **Comunicación Lingüística** |
|---|---|---|
| Nivel | Área | Estándares |
| 3º | PLE | 3º-PLEB1.1 - Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). |
| 3º | PLE | 3º-PLEB1.4 - Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB1.5 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). |
| 3º | PLE | 3º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB2.5 - Amosa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.3 - Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | |
|---|---|---|
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.4 - Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.5 - Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.6 - Amosa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.1 - Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.2 - Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.4 - Completa un formulario en liña con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...). |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.5 - Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.6 - Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.7 - Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.8 - . Valora a lingua escrita como medio de comunicación. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.1 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.2 - Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...). |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.3 - Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.4 - Expresa e identifica a localización básica de obxectos. |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | |
|---|---|---|
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.5 - Expresa e identifica de xeito elemental os seus desexos. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.6 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.7 - Diferenza preguntas e respostas simples. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.8 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións mais habituais. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.10 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.11 - Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.13 - Amosa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas |
| | | **Competencia Clave: Comunicación Lingüística** |
| **Nivel** | **Área** | **Estándares Prioritarios** |
| 3º | PLE | 3º-PLEB1.1 - Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). |
| 3º | PLE | 3º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB2.5 - Amosa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | |
|---|---|---|
| | | apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.3 - Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.6 - Amosa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.1 - Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.5 - Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.7 - Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.8 - . Valora a lingua escrita como medio de comunicación. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.1 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.2 - Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...). |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.3 - Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.7 - Diferenza preguntas e respostas simples. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.8 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións mais habituais. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.10 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.11 - Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.13 - Amosa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| **Competencia Clave:** | | **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Área** | **Estándares** |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.5 - Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.6 - Amosa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. |
| | | **Competencia Clave: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** |
| **Nivel** | **Área** | **Estándares Prioritarios** |
| 3º | PLE | 3º-PLEB3.6 - Amosa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. |
| **Competencia Clave:** | | **Sociais e cívicas** |
| **Nivel** | **Área** | **Estándares** |
| 3º | PLE | 3º-PLEB1.6 - Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB2.5 - Amosa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.7 - Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.8 - . Valora a lingua escrita como medio de comunicación. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.2 - Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...). |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.7 - Diferenza preguntas e respostas simples. |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | |
|---|---|---|
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.9 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.11 - Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.12 - Valora a realidade plurilïngüe da súa propia contorna |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.13 - Amosa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.15 - Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural |

| **Competencia Clave:** | **Sociais e cívicas** | |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Área** | **Estándares Prioritarios** |
| 3º | PLE | 3º-PLEB1.6 - Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB2.5 - Amosa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.7 - Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB4.8 - . Valora a lingua escrita como medio de comunicación. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.2 - Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...). |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.7 - Diferenza preguntas e respostas simples. |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.11 - Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais. |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | |
|---|---|---|
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.12 - Valora a realidade plurilïngüe da súa propia contorna |
| 3º | PLE | 3º-PLEB5.13 - Amosa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas |

## 3.- OBXECTIVOS.

- Comprender mensaxes en interaccións verbais variadas de progresiva complexidade para realizar tarefas dentro ou fóra da aula.
- Comprender textos orais de dificultade crecente conectados cos intereses das nenas/os en diferentes soportes para extraer información global e algunha específica.
- Producir textos orais amosando interese por expresarse oralmente en actividades individuais e de grupo.
- Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais , reais ou simuladas, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación .
- Ser capaz de expresarse na lingua inglesa en situacións cotiás que requiran o seu uso básico como iniciar e finalizar intervencións, pedir e dar información de cantidade, localización de obxectos, gustos, preferencias, desexos,…
- Empregar de xeito correcto as estruturas morfolóxicas e léxicas necesarias para realizar e comprender as funcións comunicativas máis básicas da lingua inglesa.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


- Valorar positivamente as intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.
- Ler de xeito comprensivo textos curtos, extraendo información xeral e específica.
- Ler e comprender diferentes mensaxes de interese para os nenos/as adaptadas á súa competencia lingüística, en soporte papel e dixital, para utilizar información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa ou polo simple pracer da lectura.
- Escribir textos sinxelos sobre temas de situacións cotiás empregando expresións e enunciados moi coñecidos oralmente para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da vida diaria, a partir de modelos previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
- Mostrar interese polo coidado e a presentación dos textos escritos valorando o seu sentido ortográfico e estético.
- Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas.
- Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen culturas, hábitos, crenzas e formas de vida diferentes.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



## 4.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

| TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **CURSO** | PLE-3º | | | | | | |
| **NIVEL** | 3º PRIMARIA | **ÁREA** | Primeira Lingua Estranxeira (PLE) | | | | |
| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área**<br><br>Indicador mínimo de logro | **T1** | **T2** | **T3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN**<br><br>**Instrumentos de avaliación /**<br><br>**Procedementos de avaliación (%)*** | **C.C.** |
| **Bloque 1: Comprensión de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B1.1 | 3º-PLEB1.1 - Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.<br><br>Peso: 2.63% | Comprende o máis relevante de interaccións verbais de uso cotiá. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. Posta en común. | CCL |
| PLE-B1.2 | 3º-PLEB1.2 - | Comprende o esencial de | X | X | X | PROCEDEMENTOS: | CCL |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP de Vilaverde-Mourente

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es

galicia

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.<br><br>Peso: 2.63% | presentacións breves e sinxelas sobre temas coñecidos. | | | | Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea. | |
| PLE-B1.2 | 3º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).<br><br>Peso: 2.63% | Entende o elemental de situacións comunicativas habituais e moi sinxelas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL |
| PLE-B1.3 | 3º-PLEB1.4 - Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | Identifica o esencial de conversas moi breves. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL , CAA |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Peso: 2.63% | | | | | | |
| PLE-B1.3 | 3º-PLEB1.5 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).<br><br>Peso: 2.63% | Entende o fundamental de indicacións moi sinxelas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL |
| PLE-B1.6 | 3º-PLEB1.6 - Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido.<br><br>Peso: 2.63% | Valora a interacción cos compañeir@s como medio de aprendizaxe mutua. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CSC |
| **Bloque 2: Producións de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B2.1 | 3º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.<br><br>Peso: 2.63% | Fai presentacións moi breves sobre sí mesmo. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL |
| PLE-B2.2 | 3º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de | Amosa unha actitude de escoita atenta. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación | CSC |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | escoita atenta.<br><br>Peso: 2.63% | | | | | sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | |
| PLE-B2.3 | 3º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.<br><br>Peso: 2.63% | Reproduce textos orais moi sinxelos de xeito comprensible. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións musicais. | CCL , CSC |
| PLE-B2.3 | 3º-PLEB2.5 - Amosa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as.<br><br>Peso: 2.63% | Amosa interese e respecto polas achegas dos seus compañeir@s. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL , CSC |
| **Bloque 3: Comprensión de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B3.1 | 3º-PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.<br><br>Peso: 2.63% | Comprende frases moi simples escritas relacionados con temas previamente traballados de xeito oral. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Resolución de exercicios . | CCL |
| PLE-B3.2 | 3º-PLEB3.2 - Comprende a idea | Comprende o esencial dunha historia sinxela e | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións | CCL |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.<br><br>Peso: 2.63% | identifica as personaxes principais. | | | | dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Proba de interpretación de datos. | |
| PLE-B3.2 | 3º-PLEB3.3 - Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.<br><br>Peso: 2.63% | Amosa interese por ler nunha lingua diferente a súa. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCL , CAA |
| PLE-B3.2 | 3º-PLEB3.4 - Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.<br><br>Peso: 2.63% | Amosa interese en comprender os textos escritos en lingua estranxeira. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCL, CAA |
| PLE-B3.3 | 3º-PLEB3.5 - Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento.<br><br>Peso: 2.63% | A mosa interese en ler na lingua estranxeira. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo. | CCL , CSIEE |
| PLE-B3.3 | 3º-PLEB3.6 - Amosa | Amosa interese por | X | X | X | PROCEDEMENTOS: | CCL , |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.<br><br>Peso: 2.63% | informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | | | | Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións orais. | CSIEE |
| **Bloque 4: Produción de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B4.1 | 3º-PLEB4.1 - Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.<br><br>Peso: 2.63% | Escribe frases moi sinxelas e curtas sobre temas da súa vida cotiá. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | CCL |
| PLE-B4.2 | 3º-PLEB4.2 - Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.<br><br>Peso: 2.63% | Completa conversas moi sinxelas seguindo un modelo. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Resolución de exercicios e problemas. | CCL |
| PLE-B4.2 | 3º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co | Escribe textos moi sinxelos sobre si mesm@ e os seus intereses. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. | CCL |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | tema da escritura e cos seus intereses.<br><br>Peso: 2.63% | | | | | INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba obxectiva. | |
| PLE-B4.2 | 3º-PLEB4.4 - Completa un formulario en liña con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...).<br><br>Peso: 2.63% | Completa un formulario sinxelo sobre si mesm@. | | X | | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba de interpretación de datos. Resolución de exercicios e problemas. | CCL |
| PLE-B4.3 | 3º-PLEB4.5 - Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar<br><br>Peso: 2.63% | Responde de forma escrita a preguntas moi sinxelas sobre temas traballados na clase. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba obxectiva. | CCL |
| PLE-B4.3 | 3º-PLEB4.6 - Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental.<br><br>Peso: 2.63% | Escribe frases moi sinxelas falando de si mesmo. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B4.3 | 3º-PLEB4.7 - Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.<br><br>Peso: 2.63% | Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. | CCL , CSC |
| PLE-B4.3 | 3º-PLEB4.8 - . Valora a lingua escrita como medio de comunicación.<br><br>Peso: 2.63% | Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. | CCL , CSC |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural** | | | | | | | |
| PLE-B5.1 | 3º-PLEB5.1 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.<br><br>Peso: 2.63% | Fai preguntas moi básicas de información persoal (nome, idade, gustos) e é quen de respondelas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Producións orais. | CCL |
| PLE-B5.2 | 3º-PLEB5.2 - Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando | Usa axeitadamente os saúdos e emprega as fórmulas de cortesía básicas(please,thankyou...) | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CCL , CSC |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).<br><br>Peso: 2.63% | | | | | INSTRUMENTOS: Producións orais. | |
| PLE-B5.3 | 3º-PLEB5.3 - Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.<br><br>Peso: 2.63% | Identifica , asocia e menciona palabras e frases moi simples de uso cotiá. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. | CCL |
| PLE-B5.4 | 3º-PLEB5.4 - Expresa e identifica a localización básica de obxectos.<br><br>Peso: 2.63% | Expresa e identifica a localización básica de obxectos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. | CCL |
| PLE-B5.5 | 3º-PLEB5.5 - Expresa e identifica de xeito elemental os seus desexos.<br><br>Peso: 2.63% | Expresa e identifica o que lle gusta e o que non. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. | CCL |
| PLE-B5.6 | 3º-PLEB5.6 - Estrutura adecuadamente os | E quen de construír frases moi curtas e sinxelas de xeito comprensible. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CCL , CAA |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.<br><br>Peso: 2.63% | | | | | INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. | |
| PLE-B5.7 | 3º-PLEB5.7 - Diferenza preguntas e respostas simples.<br><br>Peso: 2.63% | Diferenza preguntas e respostas simples. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Textos escritos. | CCL , CSC |
| PLE-B5.8 | 3º-PLEB5.8 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións mais habituais.<br><br>Peso: 2.63% | Memoriza rutinas lingüísticas básicas de uso habitual dentro da aula. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL |
| PLE-B5.9 | 3º-PLEB5.9 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc.<br><br>Peso: 2.63% | Participa activamente nas diferentes actividades propostas na clase. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CSC |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Producións orais. | |
| PLE-B5.10 | 3º-PLEB5.10 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.<br><br>Peso: 2.63% | Comprende e usa adecuadamente léxico moi básico e de uso moi frecuente na aula. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Textos escritos. | CCL , CAA |
| PLE-B5.11 | 3º-PLEB5.11 - Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.<br><br>Peso: 2.63% | Participa de forma activa e respectuosa en intercambios lingüísticos dentro da aula. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. Producións orais. | CCL , CSC |
| PLE-B5.12 | 3º-PLEB5.12 - Valora a realidade plurilïngüe da súa propia contorna<br><br>Peso: 2.63% | Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | CSC |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B5.13 | 3º-PLEB5.13 - Amosa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas<br><br>Peso: 2.63% | Amosa interese por coñecer persoas que falan outras lingua se teñen outras culturas | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | CSC , CCL |
| PLE-B5.14 | 3º-PLEB5.15 - Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural<br><br>Peso: 2.63% | E quen de comparar algúns aspectos socioculturais propios da súa cultura con outros alleos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. Producións orais. | CSC |

## 5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

A aprendizaxe será significativa, partirá dos coñecementos previos do alumnado e con situacións comunicativas reais e funcionais incluíndo xogos , actividade física sempre que sexa posible e cancións, que captan a motivación do alumnado e facilitan a incorporación de novos coñecementos.

Terase en conta os distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado e concienciaráselles de que o erro forma parte do proceso de aprender.

Fomentarase un uso contextualizado da lingua, no marco de situación comunicativas propias destas idades, e que permitan a realización real e motivadora da lingua. Tamén se promoverán actividades que atendan á diversidade, que

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


potencien o traballo en equipo, a autonomía e a responsabilidade e que permitan a libre expresión e o respecto e a tolerancia.

No caso de alumnado con nee, desenvolveranse medidas que permitan ao alumnado desenvolver ao máximo as súas capacidades e as competencias da etapa asegurando medidas de inclusión .

## 6.- MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Non terán tampouco neste curso libros de texto, e os materiais para explicar e/ou practicar os contidos serán proporcionados pola profesora que imparte a materia ben elaborados por ela mesma, ou ben por recompilación de distintos recursos a través de diferentes editoriais , páxinas web….Intercalaranse os contidos previstos no currículo de 3º de Primaria en lingua estranxeira coas distintas conmemoracións típicas da cultura e tradición saxona ( Halloween, Thanksgiving Day, Christmas, Easter…) que coincidan dentro do curso escolar. Farase unha coordinación para participar dende a materia de inglés nos proxectos de centro ou de nivel que se decidan durante o curso.

Hai unha aula de inglés na planta baixa onde se vai impartir a materia de Lingua Inglesa . Como todas as aulas están dotadas de PDI , de canón e de ordenador ,empregaranse, ademais de flashcards, fotos, posters e na medida do posible obxectos reais, tamén recursos multimedia para presentar vocabulario novo, reforzalo, revísalo ou para practicar cancións, chants …xa que cos nenos e nenas desta idade é importante traballar na aula con variado material visual e auditivo para espertar a súa curiosidade e manter a súa motivación.

Dado a excepcionalidade da situación actual, estes son os recursos previstos para os 3 posibles escenarios: **Presencial, semipresencial** e **non presencial.**

De xeito **presencial,** usaranse materiais audiovisuais en tódalas sesións, tanto para a visualización de vídeos, apoio das explicacións e reforzo e práctica dos distintos contidos. Farán práctica escrita nun caderno específico para a materia que terán permanentemente na aula.

**Non presencial-** cando se produza algún caso de confinamento por parte do alumnado ,tanto preventivo como por recuperación de enfermidade, empregárase ,a aula virtual pero ,mentres non estea en funcionamento a aula virtual, usarase o mesmo sistema levado a cabo durante o estado de alarma: publicaranse os contidos

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



do xeito máis lúdico posible no blog de inglés e/ou no blog do respectivo nivel, e tamén as actividades on line a facer por parte do alumnado. Aparecerán tamén alí as distintas tarefas para imprimir e facer a man. A corrección levarase a cabo a través do correo electrónico: as familias mandarán por este medio as tarefas e a mestra comunicaralles da mesma maneira as correccións ou indicacións pertinentes.

**Semipresencial** é unha mestura das dúas modalidades anteriores que se implantará cando parte do alumnado está acudindo regularmente á aula e a outra parte teña que permanecer nas súas casas.

## 7.-AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Véxase concreción curricular.

## 8-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Véxase concreción curricular.

## 9.- SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Véxase concreción curricular .

Hai dous alumnos que teñen non superada a materia do curso anterior.

## 10.- AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Nas primeiras semanas do curso escolar, realizarase unha avaliación inicial do alumnado para determinar o seu coñecemento da lingua estranxeira tanto de xeito oral como escrito.

Farase a través da observación directa dentro da aula con xogos e actividades lúdicas, representacións orais e tamén mediante probas escritas, fichas, con actividades escritas de repaso, algunhas delas dirixidas e outras non, para coñecer o nivel real dos nenos e nenas.

Os resultados serán o punto de partida dos contidos e coñecementos do presente curso e indicarán se é preciso reforzar, recordar ou mesmo volver sobre vocabulario e estruturas non adquiridas do curso anterior. Terase en conta o progreso do alumnado a partir da situación inicial.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



## 11.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aplicarase o Plan de atención á diversidade do centro que ten como obxectivo adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades do alumnado: de diversa procedencia, idade, sexo, relixión, etnia, medio social, estilos familiares, clase, cultura, capacidade, estilos e ritmo de aprendizaxe,... alumnado con neae -alumnado procedente do estranxeiro (Marrocos, Países Hispanoamericanos, Portugal, Brasil,...), alumnado con necesidades educativas especiais (altas capacidades, espectro autista, DEA, dificultades na expresión oral, retraso na linguaxe ou trastornos na linguaxe, THDA, trastorno de conduta, discapacidade cognitiva, motórica ou sensorial,...)-, alumnado pertencente a familias con composición diversa,**... alumnado diverso en aulas con rateo elevada.**

En terceiro nivel, hai varias nenas e varios nenos que precisan atención máis individualizada, entre eles:

un caso TEA ,

un caso con posible déficit de atención,

un caso con discalculia, dislexia e posible TDAH.

un caso con Transtorno Específico da Linguaxe

Un caso con dislexia evolutiva.

## 12.-TEMAS TRANSVERSAIS

Ademais dos temas e vocabulario incluídos no currículo de lingua inglesa e relativos tamén ás súas tradicións e costumes, trataranse outras conmemoracións xerais: Día dos Dereitos Humanos, Día Internacional da Muller, Día Universal da Infancia…ou outras relativas ao medio ambiente ( Día Mundial do Medio ambiente, Día da Auga..) ou valores (Día da Paz).

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



Na práctica docente diaria así como en tódalas actividades levadas a cabo dentro da aula, promoveranse actitudes tolerantes, de resolución de conflitos, respecto á diversidade das diferenzas, igualdade entre os sexos….

Tamén traballaremos temas ou tradicións da nosa cultura como o Entroido, o Magosto….e outras actividades recollidas na Programación Xeral Anual e dese xeito aproveitaremos para introducir vocabulario relativo a estas festividades .

| **PROGRAMACIÓN DE CENTROS DE INTERESE XERAIS A TRABALLAR NO CEIP** | | | **TEMÁTICA INTEGRADA VERTICAL** |
|---|---|---|---|
| SETEMBRO | *Desenvolvemento de Plan de acollida, Plan do período de adaptación* | *Do 9 ao 21 de setembro* | 1º trimestre |
| OUTUBRO | *Magosto/Samaín*<br>*Semana co galego* | | |
| NOVEMBRO | *Contra a violencia de xénero.*<br>*Día da palabra.*<br>*Salón do Libro- iniciar traballo* | | |
| DECEMBRO | *Constitución, Estatuto de autonomía. Dereitos humanos, Dereitos das nenas e dos nenos, Nadal* | | |
| **VACACIÓNS** | **22 de decembro de 2021 ata o día 7 de xaneiro de 2022** | | |
| XANEIRO | *A Paz* | | 2º trimestre |
| FEBREIRO | *Entroido*<br>*Día de Rosalía* | | |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034 Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es



| | | | |
|---|---|---|---|
| **Vacacións ENTROIDO**<br><br>**28 de febrero, 1 e 2 de marzo de 2022** | | | |
| MARZO | *Día da muller traballadora/Día internacional da muller*<br><br>*Día mundial da poesía.*<br><br>*Dereitos da persoa consumidora*<br><br>*Salón do Libro- retomar traballo* | | |
| **VACACIÓNS: 11 ao 18 de abril 2022** | | | |
| ABRIL | *Semana da Prensa (un día sen libros e con prensa)*<br><br>*Día mundial da saúde,*<br>***Semana do libro*** | | 3º trimestre |
| MAIO | *Día de Europa*<br><br>*Día contra o acoso escolar*<br><br>*Certame de Poesía. Semana das Letras Galegas:* | | |
| XUÑO | *Día Mundial do medio ambiente* | | |
| **22 DE XUÑO: FINAL DE CLASES** | | | |

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034  Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es


## 13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

Tendo en conta a situación do Covid19 , e namentres non o permitan as condicións sanitarias non se farán actividades complementarias e extraescolares, de levarse a cabo respectarán as medidas de prevención e seguridade do Plan de adaptación á crise covid do centro.

No hipotético caso de que a situación se normalizase durante o curso escolar, tentaríase  complementar o currículo da materia con algunha actividade lúdica levada a cabo en lingua inglesa como unha obra de teatro, que permitiría que o alumnado escoitase a lingua estranxeira nun contexto diferente ao escolar.

Faríase durante o horario escolar ,dentro ou fora do centro, para posibilitar que todo o alumnado puidese asistir sen ter problemas de desprazamento.

## 14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Esta programación está feita no inicio do curso e deseñada, a priori, como unha declaración de intencións susceptible de ser revisada e modificada nalgún punto ao longo dos meses segundo evolucione o alumnado ou dependendo doutras circunstancias que poidan ir xurdindo.

A avaliación partirá dos coñecementos previos do alumnado e será continua e global. Terase en conta o progreso do alumnado a partir da avaliación inicial. Ao longo de cada trimestre, faranse varias probas obxectivas, escritas e orais que facilitarán ver o progreso real de cada alumna e alumno dende o inicio de curso.

Analizando os resultados académicos acadados polo alumnado, verase se é preciso volver ou non sobre os contidos, revisar a adecuación da metodoloxía nun determinado grupo ou nivel ou deseñar estratexias para incentivar a motivación do alumnado cara a lingua inglesa  e a participación activa nas actividades diarias da aula.  A avaliación é continua  de xeito que o aprobado dunha avaliación implicará a superación da anterior no caso de que estivese suspensa.

Rúa Vilaverde 9
36164 PONTEVEDRA
Tel 886159034  Fax: 886159037
ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es

Especialista en Lingua Estranxeira-Inglés